



# **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 FAX 981453187 CIF P1507100D

## **BANDO**

VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO, Alcalde deste Concello, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril,

## **FAGO SABER**

Con motivo da celebración das cacharelas da noite de San Xoán e San Pedro, as persoas, asociacións ou entidades organizadoras deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello antes das 14,00 horas do 19 de xuño de 2026, a correspondente comunicación previa, ou solicitude de autorización, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade ademais do emprazamento da cacharela.

## **CACHARELAS E SARDIÑADAS VECIÑAIS.**

De conformidade co disposto no artigo 36.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Concello poderá autorizar, excepcionalmente, o uso do fogo con motivo da celebración de festas locais ou de arraigada tradición popular, como son as Festividades de San Xoán e San Pedro, coas medidas de seguridade e de prevención de incendios forestais que a tal efecto se determinen.

A autorización municipal para este tipo de eventos populares resulta obrigatoria tanto se comporta unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos como se realiza e desenvolve en terreos de titularidade privada, consonte ao disposto nos artigos 41 letra c) da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia), e 36.5 da Lei 3/2007 de 9 Abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de prevención e defensa contra os incendios forestais, art. 4 c) da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e actividades recreativas, art. 3 e) e apartado II.5 do Anexo do Decreto 124/2019 de Galicia polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

## **NORMAS PARA A REALIZACIÓN DAS CACHARELAS E SARDIÑADAS VECIÑAIS.**

1. As solicitudes que eventualmente resultasen concedidas quedarán supeditadas na súa validez e eficacia a que o índice de risco diario de incendio forestal non sexa extremo, debendo entenderse automaticamente revogadas as autorizacións emitidas con anterioridade. Pódese consultar este no seguinte enlace: <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/irdi>
2. As cacharelas en locais sociais, prazas, praias, parques e xardíns municipais (así como calquera outro ben de dominio público de carácter especial): deberán contar coa previa autorización municipal.
3. Están prohibidas as fogueiras na Praia do Lago ou nos espazos naturais protexidos
4. No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público lousados, asfaltados ou pintados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm. en toda a superficie da fogueira
5. Para a celebración das Cacharelas/Sardiñadas en terreos de propiedade privada deberán presentar comunicación, segundo o modelo oficial que figura na páxina web do Concello das Pontes <https://sede.aspontes.org/sxc/es/informacion/tablon/> antes das 14 horas do día 20 de xuño de 2024, axuntando a documentación que neste se require.
6. En zona rural o volume do combustible da cacharela non excedera os 3 metros de diámetro ou 9

## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 FAX 981453187 CIF P1507100D

de perímetro, nin os 3 metros de altura.

7. Se a cacharela está en zona urbana, o volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro, 6 metros de perímetro, nin dous metros de altura.
8. Porase especial coidado en situar a fogueira afastada das vivendas, vehículos, instalacións e locais nos que se almacenen produtos inflamables; tampouco se situarán baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.
9. É obrigatorio cumprir o establecido na Lei 6/2025, do 23 de decembro, de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas.
10. No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato
11. Prohíbese queimar plásticos, pneumáticos, espumas de poliuretano ou calquera outro produto que xere fume tóxico, produtos inflamables ou envases presurizados.
12. O/a responsable non abandonará o lugar ata en canto non quede totalmente apagado o lume, e unha vez extinguido humedecerá os restos con auga.
13. A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no art. 5.II.5 da Orde de 23/10/20 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia (DOG 30/10/20), para a celebración de festas e romarías populares.
14. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada
15. En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, procederase polo Servizo de Extinción de Incendios, e a requirimento da Policía Local, a apagar de inmediato a cacharela.
16. A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos ou perdas que houbera lugar no caso de producirse un incendio polo uso do lume cando concorra negligencia ou imprudencia, ou incumprimento das normas de prevención.
17. Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, poderá revogar autorización nos casos en que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

Faise público para coñecemento

xeral. Documento asinado

electrónicamente.